



## CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G  
Tf. : 988 491 523  
Fax : 988 478 604  
E-mail : [concello.ramiras@eidolocal.es](mailto:concello.ramiras@eidolocal.es)

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

### DECRETO

#### ASUNTO: SELECCIÓN DE PERSOAL. Convocatoria para Xefe Brigada de incendios

Atendendo ás necesidades de persoal unha vez asinado na data 26/05/2023 o Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ramirás para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024\_Cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Por Resolución de data 20/07/2023, designaronse os membros do tribunal para as probas de selección da brigada de incendios e estableceuse a data de 21/07/2023 para a realización das probas físicas, práctica e teórica.

Reunido o tribunal na data de 21/07/2023, ante a non presentación de ningún dos candidatos a xefe de brigada, e tendo en conta a problemática existente para cubrir o posto de traballo de xefe de brigada nos distintos concellos conveniados para a prevención e extinción de incendios, ademais da urxencia para a contratación e inicio dos traballos da brigada antes de que finalice o mes de xullo tal como establece o antedito convenio.

#### RESOLVO:

Primeiro: Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes de 3 días naturais para o posto de xefe da brigada de incendios.

Segundo: Publicar o anuncio na páxina web e no Taboleiro de Edictos do Concello para a información dos posibles interesados.

Terceiro: Dar conta o Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.

En Ramirás,  
A Alcadesa. Isabel Gil Alvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

